Unidade 3
Resumo

O home actual é o produto da evolución dunha especie que, para facer fronte a drásticos cambios ambientais ou a outros factores que amenazaban a súa supervivencia, foi mudando a súa bioloxía. Pero unha vez acadado un determinado estadio (*Homo sapiens sapiens*), desenvolveu un determinado mecanismo que lle permitiu facer fronte aos desafíos do medio, evolucionando non a nivel orgánico, senón a nivel psicosocial. Ese mecanismo é a evolución cultural. E foi precisamente a diversidade das súas formas culturais o que lle permitiu á especie adaptarse ás distintas condicións ambientais do planeta e evitar a extinción sen ter que reaxustar a súa información xenética, senón acumulando e transmitindo información aprendida de xeración en xeración.

A partir dese momento, a historia da humanidade estará marcada por unha extraordinaria diversificación cultural, que terá como resultado a aparición de múltiples grupos ou etnias. E aquí radica outra das diferencias entre o home e o resto dos animais: mentras as outras especies se dividen en subespecies ou razas, na especie humana -dado que o seu mecanismo de adaptación non é xenético- só podemos distinguir grupos culturais ou etnias. A diversidade cultural é pois o que constitúe o rasgo distintivo da humanidade, ao tempo que garantiza a súa supervivencia como especie.